

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 13 de marzo de 2017

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

D. David Regades Fernández
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta minutos do día trece de marzo de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(175).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(176).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO NÚMERO E RÉXIME DO PERSOAL EVENTUAL EN EXECUCIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2017. EXPTE. 29619/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 10/03/17, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 13/01/2017, adoptou acordo de modificación puntual da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo con respecto aos postos de traballo de persoal eventual, en execución do acordo plenario de aprobación dos orzamentos municipais para o ano 2017.

2.- Dita modificación, tramitada seguindo o procedemento administrativo establecido no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, foi obxecto de publicación no BOP de 21/01/2017 (acordo de aprobación inicial) e transcorrido o prazo de presentación de alegacións sen que constase presentada algunha, procedeuse á elevación á aprobación definitiva en acordo publicado en data 02/03/2017.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- RÉXIME XURÍDICO DO PERSOAL EVENTUAL

O artigo 12 do Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que é persoal eventual aquel que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, só realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza e asesoramento especial, sendo retribuído con cargo ós créditos orzamentarios consignados para este fin, establecéndose o número máximo polos órganos de goberno.

Adicionalmente, nos artigos 104 e 104 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, tras a modificación operada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, establécense novas previsións en canto ao número e publicidade do persoal eventual.

II.- CONCRECIÓN DO RÉXIME DO PERSOAL EVENTUAL TRAS A MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT:

Como consecuencia de dita modificación exposta nos antecedentes, e tras a revisión efectuada polo negociado de seguridade social, os postos de traballo de persoal eventual son os seguintes:

- 1 Director/a de Gabinete Alcaldía

ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN

- 1 Adxunto/a Director Gabinete Alcaldía
- 1 Secretario/a do Alcalde
- 1 Director/a de Comunicación da Alcaldía
- 1 Asesor/a Relacións Institucionais e Protocolo.
- 8 Asesores/as Alcaldía
- 7 Auxiliares.

Dado que tanto a aprobación das dotacións orzamentarias vinculadas á plantilla ou cadro de persoal orzamentario como a modificación dos postos de traballo foron obxecto das correspondentes e preceptivas fiscalizacións previas tramitadas nos expedientes electrónicos asignados, se entende que no resulta procedente o somentemento á fiscalización da presente proposta, ao non conlevar proposta de gasto nin cuantificación económica, e dado que a xe-

neración de obrigas económicas derivadas do presente foi debidamente fiscalizada no marco dos expedientes indicados.

III.- ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:

Conforme ao disposto no artigo 127.1.h) da LRBRL corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para acordar o número e réxime do persoal eventual.

As competencias en materia de persoal e recursos humanos atópanse delegadas expresamente na Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal por Decretos da Excm. Alcaldía de 19/06/2015 e 30/12/2016, á visto do cal, e coa conformidade da mesma, sométese á consideración do dito órgano a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Determinar o número e réxime do persoal eventual ao servizo do Concello de Vigo, en execución das previsións contidas nos Orzamentos Municipais para o exercicio 2017, concretándose nos postos de traballo seguintes:

- 1 Director/a de Gabinete Alcaldía
- 1 Adxunto/a Director Gabinete Alcaldía
- 1 Secretario/a do Alcalde
- 1 Director/a de Comunicación da Alcaldía
- 1 Asesor/a Relacións Institucionais e Protocolo.
- 8 Asesores/as Alcaldía
- 7 Auxiliares.

SEGUNDO.- Adscribir ao grupos políticos municipais que se indican seguidamente o persoal eventual seguinte:

- Grupo municipal do PsdG- PSOE: cinco asesores/as e catro auxiliares en réxime de xornada completa.
- Grupo municipal do Partido Popular (PP): dous asesores e un auxiliar en réxime de xornada completa.
- Grupo político municipal MAREA de Vigo: dous auxiliares en réxime de xornada completa.

TERCEIRO.- Dispoñer que a adicación plena do devandito persoal eventual implicará, ademais do cumprimento da xornada laboral ordinaria, a incompatibilidade para calquera actividade pública ou privada por conta allea, ao estar suxeito ao réxime legal establecido en materia de Incompatibilidades, debendo informarse que a condición de persoal eventual implicará en todo caso a aplicación do réxime que para o mesmo contempla o artigo 12 do Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación, podendo ser libremente nomeados e cesados consonte ao citado precepto.

CUARTO.- Dispoñer que o réxime retributivo e o de prestación das funcións de confianza e asesoramento especial será o acordado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 19/06/2015, modificado polo acordo do mesmo órgano de data 29/04/16.

QUINTO.- Dispoñer que polo órgano municipal competente se proceda a efectuar o nomeamento do persoal eventual, debendo publicarse a resolución que se dicte no diario oficial que corresponda, xuntamente coas retribucións e réxime de prestación das funcións de asesoramento ou confianza especial.

SEXTO.- Establecer a inclusión do presente acordo no réxime de publicidade previsto no art. 104.bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispoñendo a publicación semestral na sede electrónica e no BOP da provincia do número de postos de traballo reservados a persoal eventual, dando conta ao Pleno da Corporación con carácter trimestral.

SÉTIMO.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal, Secretaría Xeral (Pleno, Goberno Local e Administración Municipal); Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Director do Gabinete da Alcaldía, grupos políticos municipais e Comité de Persoal aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez